**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POR O PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE MARZO DE 2022.**
En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 31 de marzo de 2022, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o 1º tenente de alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) presidindo o Pleno, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, e os concelleiros:

Dna Raquel Lema Allo (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)

Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
D. Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

D. Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto).

Non asisten:
Don José Luis Pérez Añón (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dna. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE).

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.
Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluidos na orde do día.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, BORRADORES ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 27/01/2022 E 11/02/2022**
Dase conta do borrador da acta da sesión de 27/01/2022, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.
Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose e Don Diego Soto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Pereiro) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**

Dase conta do borrador da acta da sesión de 11/02/2022, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.
Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose e Don Diego Soto Pereiro) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**

**2.- DECLARACIÓN DA EXCEPCIONALIDADE E SINGULARIDADE DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022 E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**
Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA*
*Asunto: Declaración da excepcionalidade e singularidade do “Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022” e acordo de solicitude de subvención*
*Expediente relacionado: 2022/A007/000001*
*En data 03 de novembro de 2021, o Concello de Laxe presentou escrito (Rexistro núm. 202190000000357) ante a Deputación Provincial da Coruña solicitando subvención directa para o “Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022”, co obxecto de atender e resolver as necesidades que quedaron patentes e aquelas que resultan prioritarias para anticipar tácticas de innovación social, ante a situación do sector turístico como consecuencia da crise desencadeada pola pandemia da COVID-19.*
*O Proxecto ten un orzamento total de gasto a realizar de 25.000 € (IVE incluído). Solicítase para financiamento ante a Deputación Provincial da Coruña a expresada cantidade de 20.000 €, que corresponde ao 80% do custe total do proxecto, sendo a achega municipal do 20%, que ascende a 5.000 €.*
*No escrito inicial anticipouse a vontade do Concello de Laxe de reiniciar o turismo dunha forma más sustentable, inclusiva e elástica, a través da posta en marcha dun programa de actividades. Este conxunto de actuacións, de promoción turística, turismo activo e actividades socioculturais, deben considerarse coma un todo dentro deste Proxecto, cunha mestura proporcional na*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*medida do que se pretende lograr.*
*O Proxecto considérase prioritario para articular un programa de actividades especificamente destinado a dar resposta ás demandas sociais e económicas que impulsen a mellora da experiencia turística (demanda) e o mesmo tempo a mellora da situación do tecido produtivo (oferta).*
*Empresariado e profesionais do sector precisan que as administracións impulsemos un cambio decidido despois dunha época de menor actividade, xustificada pola prioridade de preservar a saúde da poboación. Este cambio, consiste nunha reactivación da actividade turística local baixo parámetros de seguridade e sustentabilidade. É dicir, este Proxecto pretende que o ano 2022 sexa o ano da reactivación económica e social que intrinsecamente promove a industria turística, e pretende ademais que esta reactivación xurda da administración municipal que é a administración máis próxima ao empresariado e á poboación visitante, quen mellor a coñece, e quen mellor pode resolver as súas demandas.*
*Para a posta en marcha deste motor de cambio, este Proxecto recolle un programa de actividades que ten dous eixes principais de actuación:*
*O primeiro, dun carácter eminentemente social, pretende proporcionar ás persoas visitantes a posibilidade de desenvolver actividades deportivas e socio-culturais que contribúan a mellorar a súa saúde e calidade de vida. Isto tradúcese na promoción e dinamización dun turismo de calidade que fomente a convivencia e a interacción social segura, e aporte un factor diferencial para seleccionarnos como destino turístico.*
*O segundo, dun carácter eminentemente económico, pretende potenciar o desenvolvemento económico do sector, xerando emprego e actividade produtiva. Isto afecta directamente ao sector hoteleiro e hostaleiro, pero tamén a outros servizos complementarios, como son comercio, sector servizos ou transporte.*
*Visto que o Concello de Laxe considera que existen unha serie de factores de interese público de carácter económico e social que avalan a decisión de considerar como excepcional o Proxecto, entre os cales se atopan:*

- *O Proxecto supón unha medida de compensación tendo en conta que o Concello de Laxe ten unha declaración oficial como "Municipio Turístico Galego" que evidencia o peso deste sector na economía local. A maior dependencia do Concello de Laxe do sector turístico respecto a outros Concellos, conleva unha maior lentitude na volta á normalidade despois da pandemia, e isto afecta negativamente no retorno inmediato, polo que deben considerarse como extraordinarios os verdadeiros efectos que a crise sanitaria xerou e xera sobre esta administración municipal, así como sobre o conxunto do Produto Interior Bruto.*
- *O sector turístico municipal enfróntase, como consecuencia da crise desencadeada pola pandemia da COVID-19, á situación máis delicada da súa historia, sendo necesarias actuacións urxentes para a súa transformación. Ante tal impacto, é imprescindible poñer en marcha unha estratexia de reactivación e mellora da competitividade, abordando as limitacións detectadas durante os meses pasados e preparando ao sector para as grandes transformacións pendentes.*
- *Ante este escenario extraordinario, existe a necesidade de axilizar a posta en marcha dun procedemento que dea*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*resposta rápida ás necesidades da oferta e da demanda turística, que debe tratarse como preferente en virtude dos criterios de interese xeral que guían a actuación administrativa. En definitiva, a necesidade de optar polo mecanismo de concesión directa, fundaméntase en que garante un sistema áxil para a obtención da axuda que lle permitirá ao Concello de Laxe adecuar as súas actuacións para levar a cabo o comportamento pretendido. Así mesmo, é preciso ter en conta que o Proxecto persegue uns obxectivos sociais e económicos que teñen un carácter horizontal, polo que resulta máis razoable que prever un réxime de concorrencia competitiva, ao ser a beneficiaria final das actuacións toda a sociedade no seu conxunto. Ademais, mediante a realización das actividades programadas, lógrase un impacto favorable que excede incluso o territorio provincial, de acordo cos principios reitores de seguridade cidadá, responsabilidade pública e sustentabilidade ambiental.*

- *O interese público deste Proxecto queda acreditado tamén ao garantir que non terá efectos prexudiciais sobre a biodiversidade nin sobre os ecosistemas. En particular pretende protexer os espazos naturais, marítimos e terrestres, contemplados como elementos prioritarios e distintivos da política turística municipal. Atopámonos pois ante unha serie de actuacións concretas encamiñadas á efectiva consecución do mandato dos poderes públicos recollido no artigo 45 da Constitución, no relativo ao dereito que a todos asiste a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Mándase aos poderes públicos velar pola utilización racional de tódolos recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva, e isto, xustamente é causa de interese xeral contida no presente Proxecto a través da formulación dun programa de actividades que incide especificamente na distribución de fluxos turísticos e polo tanto nas capacidades de carga turística.*

*Visto que o Concello de Laxe considera que tamén existen unha serie de factores que avalan a decisión de considerar como singular o Proxecto, entre os cales se atopan:*

- *O Proxecto está directamente vinculado a un sector que se considera esencial dentro das políticas públicas do Concello de Laxe, en base á súa declaración oficial como Municipio Turístico Galego, aos índices crecentes tanto de demanda coma de oferta turística, e ao peso obxectivo que este sector ten sobre a economía local.*
- *O Proxecto, polas súas concretas características no relativo ao ámbito e alcance de actuación, ten un especial interese estratéxico para o Concello de Laxe e resulta imprescindible para dar cobertura ás necesidades da industria turística municipal na súa globalidade.*
- *O Proxecto, ten unha estrita vinculación coas liñas estratéxicas de desenvolvemento local, dende os principios reitores de seguridade cidadá, responsabilidade pública e sustentabilidade ambiental.*

*Por este motivos, esta Alcaldía, no uso das atribucións establecidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJke0rl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Primeiro.- Solicitar subvención directa para o "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022" ante a Deputación Provincial da Coruña.*
*Segundo.- Fixar a solicitude de subvención para este Proxecto en 20.000 €, que se corresponde co 80% do presuposto total de gastos, que ascende a 25.000 € (IVE incluído), sendo o coeficiente de financiación proposto do 80% a cargo da Deputación Provincial da Coruña, e 20% a cargo do Concello de Laxe.*
*Terceiro.- Declarar a excepcionalidade e singularidade do "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022" en base a razóns de interese público de carácter económico e social, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da Provincia, pode contribuír economicamente ao seu desenvolvemento.*
*Cuarto.- Enviar a certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, xunto co resto da documentación requirida, a través da súa sede electrónica, para a tramitación do convenio destinado ao financiamento en réxime de concesión directa do "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022".*
*En Laxe, na data de sinatura electrónica, o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe."*

Intervén o concelleiro do BNG, Xosé Manuel Pose Lema, preguntando en que consiste o proxecto.
O 1º tenente de alcalde, Francisco Charlín Oróns contesta que se trata dun proxecto para revitalizar o turismo tras dous anos de pandemia.
Intervén a concelleira do PP, Raquel Lema Allo, manifestando que se trata dun proxecto integral para todo o ano dende a promoción turística ata o turismo activo, sendeirismo, actividades acuáticas, promoción e difusión.
Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG, pon de manifesto a falta de detalle do proxecto
A concelleira do PP, Raquel Lema Allo,insiste en que é un proxecto desglosado para presentar na Deputación.
O concelleiro do BNG, Xosé Manuel Pose da lectura ao seguinte escrito, que se transcribe a continuación:
*Trátase dun protocolo que recentemente acaba de establecer a Deputación de levar a pleno a singularidade e excepcionalidade dos proxectos nominativos, mais, por desgraza, xa anunciaron que non van, de momento a aprobar ningún, pero nós no BNG de Laxe alegrámonos moitísimo que intenten recuperar a esencia do reLAXEse, aínda que tarde, porque poideron telo subvencionado se seguiran co que lles pedimos naquela reunión de traspaso de poderes no despacho da técnica de turismo, na que estabas ti Raquel, José Luis, María e máis eu.*
*Pero preferístedes non continuar co reLAXEse, por qué? Polo nome? Por ser un proxecto do BNG? Por ser un proxecto de Xosé Manuel Pose? POIS NON, non era un proxecto do BNG nin de Xosé Manuel Pose, era un proxecto da concellería de turismo de Laxe,*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJke0rl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*era un proxecto de Laxe, singular e excepcional, como así o recoñeceu Nava Castro, a directora da Axencia Galega de Turismo da Xunta, a pesares de non darnos nin un euro de financiación, iso sí na cristaleira da Axencia na Barcia en Santiago estaba o cartaz xenérico do reLAXEse, o primeiro, porque ela entendía que era algo singular e excepcional pero literalmente díxome "se queres cartos pídellos aos teus amigos do Psoe", negándonos tamén a posibilidade de sinalizar a saída de Laxe na autovía de Carballo co lema "Laxe, vila mariñeira" porque para ela o término "vila mariñeira" non era un recurso turístico per se, en fin....*
*E agora, 3 anos despois, coas eleccións a un ano, recuperades o espíritu reLAXEse, mais sen nombrar en ningún momento no proxecto a palabra clave do turismo actual, a DESESTACIONALIZACIÓN, porque as actividades turísticas teñen que ser, básicamente, fóra da época estival, hai que traer xente á vila cando non a hai.*
*Pero no proxecto todo se basa na condición de "Laxe, municipio turístico galego" galardón de concede á Xunta mais non o acompaña con financiamento, nin polo propio título nin polos programas que o concello galardonado lle poida presentar, pero, para rematar, non vai ser polo BNG de Laxe que este proxecto non vaia adiante, polo que o noso voto vai ser favorable*.

A concelleira do PP, Raquel Lema Allo pon de manifesto a dificultade que supuso traballar durante a pandemia e afirma que houbo continuidade do proxecto de turismo.

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG precisa que sendo Laxe un municipio de interese turístico era o único que non tiña actualizada a páxina web de turismo.

Seguidamente e tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose e Don Diego Soto Pereiro) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**
Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Solicitar subvención directa para o "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022" ante a Deputación Provincial da Coruña.
**Segundo.-** Fixar a solicitude de subvención para este Proxecto en 20.000 €, que se corresponde co 80% do presuposto total de gastos, que ascende a 25.000 € (IVE incluído), sendo o coeficiente de financiación proposto do 80% a cargo da Deputación Provincial da Coruña, e 20% a cargo do Concello de Laxe.
**Terceiro.-** Declarar a excepcionalidade e singularidade do "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJke0rl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe para o ano 2022" en base a razóns de interese público de carácter económico e social, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da Provincia, pode contribuír economicamente ao seu desenvolvemento.
**Cuarto.-** Enviar a certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, xunto co resto da documentación requirida, a través da súa sede electrónica, para a tramitación do convenio destinado ao financiamento en réxime de concesión directa do "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do Concello de Laxe para o ano 2022.

**3.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2022.**
Dase conta da proposta de Alcaldía,

*"EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS N 2/2022.*
*2022/X998/000194*
*PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO*
*O Pleno deste Concello adxudicou o 28 de xuño de 2001, a concesión administrativa do servizo municipal de augas á empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U. (denominación actual).*
*A duración inicial deste contrato expirou o 30 de setembro de 2016, acordándose a prórroga prevista no contrato dun ano ata o 30 de setembro de 2017.*
*Rematada esta prórroga, o Concello acordou, previa comunicación e aceptación pola empresa, a continuidade da prestación do servizo municipal de aguas coa empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U. polo tempo necesario para a adxudicación dun novo contrato, atendendo a que o servizo é de interese público e non se pode prescindir da súa prestación.*
*Este procedemento está pendente de licitación, polo que se mantén en vigor a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa antes indicada.*
*O Pleno do Concello de Laxe acordou, en data 28/10/2021, estimar a solicitude de retribución para o ano 2021 do servizo municipal de augas presentada pola empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U. e fixar a retribución en 0,556480 m3/facturado, con efectos de 1 de xaneiro de 2021.*
Mediante proposta desta alcaldía de data 25/03/2022 iniciouse o expediente de recoñecemento extraxudicial de cretos nº 2/2022 para a aprobación e pago das facturas que se relacionan a continuación, relacionadas coa prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga correspondentes aos terceiro e cuarto trimestre de 2021:

| *Nº de Entrada* | *Fecha* | *Nº de Documento* | *Fecha Dto.* | *Importe Total* | *Situación* | *Tercero* | *Nombre* | *Texto Explicativo* | *Aplic.* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *F/* | *13/12/202* | *21992005* | *13/12/2021* | *55646,7* | *CO* | *A661411* | *VIAQUA,* | *Texto Posición:* | *2022* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2021/1492 | 1 | 67 | | 2 | | 85 | GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | RETRIBUCIÓN DO SERVIZO DE AGUA DE 3º TRIMESTRE DE 2021 AGUA 90.907 M3 X 0,556480 Euros Retribución 3ºT.2 | 161 22799 |
| F/ 2021/1486 | 09/12/202 1 | 21992005 59 | 09/12/2021 | 2778,61 | CO | A661411 85 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | Texto Posición: Conservación acometidas Conservación 3ºT 2021 / Texto Posición: Conservación contadores Conservación 3º | 2022 161 22799 |
| F/ 2022/375 | 09/03/202 2 | 22992000 93 | 09/03/2022 | 2788,57 | CO | A661411 85 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | : Conservación acometidas Conservación 4ºT.2021 / Texto Posición: Conservación contadores Conservación 4ºt 2021 | 2022 161 22799 |
| F/ 2022/376 | 09/03/202 2 | 22992000 92 | 09/03/2022 | 49473,4 1 | CO | A661411 85 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | : AGUA 80.822 M3 X 0,556480 Euros. Retribución 4ºT.21 80.822 m3 , 4º trimestre de 2021. | 2022 161 22799 |

*Visto o informe de reparo nº 9/2022, emitido pola secretaría intervención municipal, de data 28/03/2022, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.*

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Considerando que, consonte co disposto no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o servizo municipal de augas é un servizo de competencia municipal de carácter esencial en todos os Concellos, que non pode deixar de prestarse principalmente por motivos de saúde e salubridade pública.*
*Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*

*Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 200/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación o adopción do seguinte ACORDO:*
*PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de data 25 de marzo de 2022, en base a que os servicios foron prestados de forma axeitada, e a que se trata de servicios que responden ás necesidades básicas e esenciais para o concello, como son o mantenemento do servizo de abastecemento de auga, sin que esta administración poida suprimir ou deixar de prestar os mesmos, mentras se tramite a licitación de ditos contratos de acordo cos procedementos establecidos na Lei de Contratos.*
*SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 2/2022, por importe total de 110.687,31 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2021 para o 2022, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.*

*Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, don Francisco Charlín Oróns, 1º tenente alcalde, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe."*

E non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose e Don Diego Soto Pereiro) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**
Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de data 25 de marzo de 2022, en base a que os servicios foron prestados de forma axeitada, e a que se trata de servicios que responden ás necesidades básicas e esenciais para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

o concello, como son o mantenemento do servizo de abastecemento de auga, sin que esta administración poida suprimir ou deixar de prestar os mesmos, mentras se tramite a licitación de ditos contratos de acordo cos procedementos establecidos na Lei de Contratos.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 2/2022, por importe total de 110.687,31 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2021 para o 2022, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.

**4.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 75/2022, DE DATA 15/02/2022, DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E O CONCELLO DE ZAS PARA A PRESENTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL, EXERCIZO 2022.**

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*
*Asunto: RATIFICACIÓN APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E O CONCELLO DE ZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL, EXERCICIO 2022*
*Expte. Admvo. Núm. 2022/A008/000021*
*O Concello de Laxe dende decembro do ano 2007, e de maneira ininterrompida, forma parte da rede de Centros Colaboradores en materia de Orientación Laboral para o Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, excepto de febreiro a xullo do ano 2012 no que, a orde de orientación laboral correspondente establecía a posibilidade de realizar convenios para aqueles Concellos que non tiveran unha taxa media de paro de 500 desempregados. A partir de agosto do ano 2012 reanúdase o servizo en asociación co Concello de Zas formando a agrupación de Concellos de Laxe-Zas ata a actualidade.*
*Cada ano a Consellería de Emprego e Igualdade publica a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral. Entre a documentación a presentar para o caso de agrupacións de concellos, neste caso a agrupación de Concellos de Laxe e de Zas, é necesario achegar un convenio de colaboración anual entre ámbolos dous concellos para a prestación deste Servizo.*
*O plazo de presentación de solicitudes desta convocatoria rematou o 28/02/2022 aprobándose o convenio de colaboración por resolución de alcaldía número 75/2022 de data 15/02/2020 tendo vixencia ata o 31/01/2023.*
*O 31/01/2022 remataba a vixencia do convenio asinado con cargo á orde da subvención da convocatoria 2021. Nesta data por parte da Consellería de Emprego e Igualdade todavía non publicara a convocatoria da subvención correspondente ao exercicio 2022, polo que foi necesario realizar e aprobar un prórroga do convenio asinado o 08/03/2021. Esta prórroga foi ratificada polo pleno o 31/01/2022.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Tendo en conta o explicado anteriormente e sendo necesario que se ratifique polo pleno desta corporación este novo convenio para o exercicio 2022. formúlase a seguinte proposta ao Pleno:*
*Ratificar a resolución de alcaldía número 75/2022 de data 15/02/2020 de aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Laxe e o Concello de Zas para a presentación do servizo de orientación laboral, exercicio 2022.*
*Laxe, 28 de marzo de 2022*
*O primeiro tenente de alcalde, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe. "*

E non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose e Don Diego Soto Pereiro) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**
Ratificar á resolución de Alcaldía núm.75/2022 do 15/02/2022.

**5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DA INVASIÓN DE UCRAÍNA E DA CRÍTICA SITUACIÓN ECONÓMICA ACTUAL**
Dase conta da seguinte moción:

***"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DA INVASIÓN DE UCRAÍNA E DA CRITICA SITUACIÓN ECONÓMICA ACTUAL***
*O Grupo Municipal Popular no concello de Laxe de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de* ***MOCIÓN:***
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***
*Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos Estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*De feito, desde a Comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio ao pobo de. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.*
*Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das máis graves vividase en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.*

*Como consecuencia, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte e a súas facturas.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Laxe, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS***

*1. "O concello de Laxe insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:*
*a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.*
*b) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.*
*c) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.*
*d) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.*

*2. Así mesmo, o concello de Laxe,insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores".*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non habendo intervencións, soméstese a votación, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 8** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose e Don Diego Soto Pereiro) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**
Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

1. "O concello de Laxe insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:
a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.
b) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.
c) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.
d) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

2. Así mesmo, o concello de Laxe,insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores".

## PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

## 6.- DACIÓN CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

| Nº Decreto | Nº de Expediente | Asunto |
|---|---|---|
| 000017/202 | 2022/ | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 27 DE |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJke0rl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| 2 | G003/000017 | XANEIRO DE 2022 |
| 000018/2022 | 2022/G003/000016 | APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2021 DO IVE. MODELO 303. E DO RESUMO ANUAL DE 2021. MODELO 390. |
| 000019/2022 | 2022/G003/000009 | APROBACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE S.P.A. DO MES DE DECEMBRO DE 2021 |
| 000020/2022 | 2022/G003/000018 | Aprobación do Plan de xestión de residuos e do Plan de seguridade e saúde da obra "Sustitución de parte das correas na cuberta do punto de atención infantil de Laxe" |
| 000021/2022 | 2022/G003/000020 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR INCORPORACIÓN DE REMANENTES. (RÚAS CRUCEIRO E CESÁREO PONDAL-POS ADICIONAL 1/2019). |
| 000022/2022 | 2022/G003/000021 | APROBACION DA LIQUIDACIÓN RETENCIÓNS IRPF EXERCIZO 2021 |
| 000023/2022 | 2022/G003/000019 | Solicitude de Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia vía de urxencia de H.M.V. |
| 000024/2022 | 2022/G003/000024 | Solicitude de subvención para "Proxecto de Implantación da recollida separada de aceite de cocina usado xerado no ámbito doméstico, do comerciio e servizos" |
| 000025/2022 | 2022/G003/000022 | Solicitude da tarxeta de estacionamento de R.R.G. |
| 000026/2022 | 2022/G003/000023 | APROBACIÓN NÓMINAS MES XANEIRO 2022 |
| 000027/2022 | 2022/G003/000028 | PRÓRROGA CONTRATO ORIENTADORA LABORAL EXERCICIO 2022 |
| 000028/2022 | 2022/G003/000025 | Nomeamento de A.M.P.G. como persoal funcionaria interina, auxiliar administrativa, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración. |
| 000029/2022 | 2022/G003/000027 | Concesión dunha prórroga do prazo de execución da obra de "Reparación da cuberta do patio exterior do punto de atención infantil de Laxe (subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña, convocatoria POS+ AD2/2020)" |
| 000030/2022 | 2022/G003/000026 | Modificación da data da convocatoria á Mesa de Contratación para dar conta da documentación presentada por Mantido, SL. Obra: "Obras nas rúas Cruceiro e Cesáreo Pondal |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| | | (subvencionado pola Deputación da Coruña, POS+ Adicional 1/2019)" |
| 000031/2022 | 2022/ G003/000029 | Concesión da ampliación do prazo de execución do Servizo de auditoría de instalacións de pluviais e fecais no casco urbano de Laxe |
| 000032/2022 | 2022/ G003/000030 | Adxudicación contrato menor para a realización do servizo de limpeza puntual no Centro Social de Traba por mor das obras realizadas no mesmo. |
| 000033/2022 | 2022/ G003/000031 | SUBVENCION DEPUTACION PROVINCIAL A CORUÑA. PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2022 |
| 000034/2022 | 2022/ G003/000034 | TRAMITACIÓN CONXUNTA DE DECRETOS - PADRÓN DE HABITANTES XANEIRO 2022 |
| 000035/2022 | 2022/ G003/000035 | RESOLUCIÓN APROBACIÓN XUSTIF, RECOÑEC E ORDEN DE PAGO SUBV NOMINATIVA SD LAXE 2021 |
| 000036/2022 | 2022/ G003/000037 | J.M.F.A. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VALLE INCLÁN, NÚM. 6 - 2ºD, LAXE |
| 000037/2022 | 2022/ G003/000039 | DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A APERTURA E A DINAMIZACIÓN DO MUSEO DO MAR DE LAXE, ANO 2022. |
| 000038/2022 | 2022/ G003/000038 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULIRIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE R.S.U. E SUMIDOIROS |
| 000039/2022 | 2022/ G003/000040 | SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VALLE INCLÁN, NÚM. 5 - LAXE |
| 000040/2022 | 2022/ G003/000045 | Solicitude Xeral a nombre de M.M.L. Solicita: FACER O CAMBIO DO RECIBOS DO LIXO E SUMIDOIROS O NOME DA NOVA PROPIETARIA MAME |
| 000041/2022 | 2022/ G003/000041 | APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DO BANCO SABADELL DO SAF MES DE NOVEMBRO 2021 |
| 000042/2022 | 2022/ G003/000036 | ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE INSPECCIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO POLOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA |
| 000043/2022 | 2022/ G003/000042 | SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ PANADERAS, NÚM. 5 BAIXO, LAXE |
| 000044/202 | 2022/ | Solicitud General a nombre de A.C.V.P. Solicita: Que el concello tome nota de ello para todos |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 20/05/2022 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: 63prGu0C1B86cdJkeOrl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
